ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU21029

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornada Galicia, 40 anos de autonomía (1981-2021)

CONVOCATORIA: Xornada Galicia. Corenta anos de autonomía (1981-2021)

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	8
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN|ES|CI|XU	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2021
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	DIVULGACIÓN	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 29/09/2021 - 08:00h ao 08/10/2021 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A aprobación do Estatuto de autonomía para Galicia foi froito do consenso acadado entre os distintos actores políticos a través dun proceso que comezou cos traballos realizados pola chamada Comisión dos Dezaseis. Esta comisión, integrada por representantes de diferentes formacións políticas con presenza en Galicia, presentou un texto profundamente modificado polo «Relatorio dos nove» e que sería aprobado na asemblea de parlamentarios galegos o 5 de maio de 1979. Xa no seu paso, último, polo Congreso dos Deputados, experimentou novas modificacións derivadas da sinatura do denominado «Pacto do Hostal » en setembro de 1980 que cristalizarían no texto definitivo posteriormente sometido a referendo do pobo galego.

O Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado o 6 de abril de 1981 pola Lei orgánica 1/1981, é a norma institucional básica da nosa comunidade autónoma en que se recoñece a condición de nacionalidade histórica e na cal se afirma que os poderes da Comunidade emanan do Estatuto, da Constitución e do pobo galego. Polo demais, a norma estatutaria procede ao deseño da arquitectura institucional e da estrutura competencial da nosa autonomía, así como á regulación da cooficialidade dos idiomas galego e castelán.

Para conmemorar o corenta aniversario do noso Estatuto celébrase esta xornada dirixida a poñelo en valor e a debater arredor das implicacións do vixente marco estatutario e a súa contribución esencial ao desenvolvemento da autonomía política e do autogoberno,así como a analizar a súa posible proxección nos vindeiros anos.

Canto ao programa, nesta xornada profesionais de recoñecido prestixio e protagonistas tanto dos comenzos como da actualidade da nosa autonomía abordarán diferentes aspectos relacionados coa norma fundamental da Comunidade Autónoma para fomentar o debate e a reflexión arredor de cuestións latentes e retos de futuro do autogoberno.

DESTINATARIOS

A xornada está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus entes instrumentais, da Administración local, de Xustiza, das universidades do Sistema universitario de Galicia, xuristas, profesionais e persoas interesadas en xeral.

PROGRAMA

Lugares de desenvolvemento:
Día 18: Escola Galega de Administración Pública (EGAP), rúa Madrid, 2-4, Santiago de Compostela.
Día 19: Sala de Arte, Hostal dos Reis Católicos
Horario: Mañá e tarde o día 18, só mañá o día 19.

Nesta xornada serán tratados os seguintes temas:
• A autonomía como esperanza de progreso.
• Significado da aprobación dun Estatuto de Autonomía para Galicia: do autogoberno ao deseño da arquitectura institucional.
• A descentralización territorial como punto de inflexión do desenvolvemento económico da nosa Comunidade Autónoma.
• Retos, cuestións latentes e propostas de futuro.
• Estado autonómico e evolución política e social: o caso de Galicia.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas dispoñible.

O número de prazas desta xornada determinarase en función das solicitudes recibidas e da capacidade dos espazos dispoñibles, adaptándose en todo caso ás medidas de seguridade e hixiene previstas na normativa vixente para a prevención da COVID-19.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela		**INICIO / FIN:** 18/10/2021 a 19/10/2021	
NUM. PRAZAS: 60	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)		**DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS

Roberto Luis Blanco Valdés

JOSÉ LUIS BARREIRO RIVAS

María da Alba Nogueira López

Julio Gaspar Sequeiros Tizón

sofia vazquez garcía

Xoaquín Fernández Leiceaga

María Teresa Cancelo Márquez

Irene Bascoy Suárez

Benito D Rubido Ramonde

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: O día 18 de outubro de 11:30 a 14:00. O día 18 de outubro de 16:00 a 17:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA